

CARTAS DA GUERRA

[Ivo Ferreira, 2016]

245

ESTREA EN NUMAX: 16.06.2017 | V.O.S.E. | +16

Cartas da Guerra (2016, 105')

Dirección: Ivo Ferreira

Guión: Ivo Ferreira, Edgar Medina
(Novela: António Lobo Antunes)

Elenco: Miguel Nunes, Margarida Vila-Nova,
Ricardo Pereira, João Pedro Vaz, João Pedro Mamede

Son: Ricardo Leal

Montaxe: Sandro Aguilar

Dirección de arte: Nuno Mello

Vestuario: Lucha d'Orey

Fotografía: João Ribeiro

Música: António Pedro

Produtoras: O Som e a Fúria (Portugal)

Distribuidora: Golem Distribución

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Portugués

PREMIOS E FESTIVAIS

Filme seleccionado por Portugal aos Oscar 2016, Premios Sophia (9 galardóns, incluídos mellor filme e dirección), Berlinale 2016 (sección oficial), Fénix 2016 (mellor fotografía)

FILMOGRAFÍA

Na Escama do Dragão, 2012

[curtametraxe]

O estrangeiro, 2010

[curtametraxe]

Vai com o vento, 2010

Águas Mil, 2009

Salto em Barreira, 2004

[curtametraxe]

Em volta, 2002

O Que Foi? 1999

[curtametraxe]

O Homem da Bicicleta, 1997

[curtametraxe, con António Pedro]

SINOPSE

Baseado na obra homónima de António Lobo Antunes, que detalla as cartas do autor coa súa muller durante os dous anos que permaneceu en Angola traballando de alférez médico entre 1971 e 1973, mentres tiña lugar a Guerra Colonial portuguesa. Á vez que o mozo escritor le os grandes mestres da literatura, escribe conmovedoras cartas á súa esposa nas que reflicte a dureza do conflito.

«Unha substanciosa contribución non só ás reflexións de Portugal sobre o seu pasado colonial, senón ao cinema de guerra en xeral»

Jonathan Romney, SCREENDAILY



“O illamento era a verdadeira guerra daqueles homes”

Entrevista con Ivo Ferreira
Por Hugo Gomes

Gustárame antes de nada, preguntar por que escolliches adaptar a Antón Lobo Antunes e por que este libro en concreto? Porque cando o lin tiven a conciencia de que estaba ante un material moi forte, sa sexa en termos históricos ou topográficos, e desde logo trátase dun dos mellores escritores de sempre da literatura portuguesa... e universal. Non consigo acertar a responder por que exactamente este autor e este libro, mais é fantástica esta acumulación de cartas, organizadas polas súas fillas, tendo en conta que eran cartas gardadas polo autor namentres facía o servizo militar. Cartas que intercambiaba coa súa muller que, naquela altura, estaba embarazada da súa primeira filla. Aínda máis fantástica é a forma como el olla e describe as persoas ao seu redor, eses homes que están a saír do seu país «empurrados» por aquela guerra absurda e fóra do tempo.

É verdade que os actores foron sometidos a un recrutamento preparatorio? Unha cousa que había que ter en conta, visto que íamos ter actores a desempeñar soldados nun escenario de Guerra, é garantir que tiveran ou

coñeceran a formación militar. Moitos dos actores xa nin lembraban os seus tempos de servizo, outros nin sequera tiveran que facelo, e cumpría poñer en escena con rigor este mundo. Os actores debían, por exemplo, saber como disparar un arma ou guiar un Unimog [nome duns camiós da marca Mercedes-Benz empregados para fins militares]. Lembro que as primeiras tentativas dos nosos actores cargados con fusís de combate G4 tentando subir nas Unimog daban para un filme moi cómico. Dado que tamén terían que experimentar a presión, era preciso que sentisen a violencia, xa fose física ou psicolóxica, necesaria afrontaren unha eventual guerra.

As Forzas Armadas Portuguesas tiveron un papel importante na rodaxe do filme? Si, mais sobre todo as angolanas. A súa axuda foi completamente indispensable para rematar o filme, achegáronnos de todo, a nivel lóxico e de armamento. Falamos de helicópteros, camiós Unimog e Kamazes, que foron prestados polo exército para transportar máis de 40 toneladas de material para a construción do cuartel. Nós construímos aquilo no medio da nada, tivemos que reconstruír a ponte que daba acceso ao cuartel tamén.

No fondo filmaches un filme de guerra no que a guerra está ausente. Ausente do seu pensamento. Era unha guerra pouco convencional, os cuarteis estaban perdidos no medio da nada, supostamente eran posicións estratéxicas, mais unha estratexia algo cuestionábel, tentando defender a

Zambia. O que amoso era o cotiá daqueles soldados, o afastamento, o illamento, esa era a verdadeira guerra daqueles homes. No filme, os inimigos son eles propios.

Na película descríbese como os soldados soñan con regresar á vida civil mais non saben concretamente o que facer á súa volta. O que sei é que os suicidios acontecidos neste período, non tiñan lugar na guerra propiamente dita, senón no regreso a casa, pois a guerra mudáraos tanto que non sabían como adaptarse á vida normal. Por tanto si, ese é o gran drama do personaxe principal.

Mais nese drama tamén medra, como refire o propio Lobo Antunes, unha conciencia política. Si, el propio di nas súas cartas: «O meu instinto conservador e acomodado ten evoluído moito e vaise movendo, día a día, cara á esquerda, non podo seguir vivindo da maneira en que o fixen até o de agora». Esa conciencia política tamén foi alimentada co constante contacto cun Capitán, Ernesto de Melo Antunes, que no filme aparece xogando con el ao xadrez.

Canto a novos proxectos? Vou comezar a filmar unha nova longa este ano en Macau titulada *Hotel Império*. Tamén estou a preparar outro traballo, un filme grande de forte orzamento, sobre a Guerra Colonial.

Publicado en www.c7nema.net/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Cartas de la guerra, Antón Lobo Antunes.
Debolsillo, 2016

No es medianoche quien quiere,
Antón Lobo Antunes. Random House, 2017

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

